

## INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE O FINAL DE CURSO 2020-2021

### Estimadas familias:

Poñémonos en contacto con vós para informaros de varios aspectos importantes relacionados coa fin de curso dos vosos fillos e fillas e o inicio do vindeiro curso

### As clases rematarán o día martes 22 de xuño.

Ese día haberá actividade lectiva normal ata as 12:00. A partir desa hora os/as titores/as procederán a recollida dos libros prestados polo centro dentro da convocatoria de préstamo solidario de libros de texto (en adiante "FONDO LIBROS") e se procederá á recollida do material escolar e devolución das fianzas das taquillas.

As 12:50 o alumnado de 1º e 2º ESO poderá disfrutar dun espectáculo de música e percusión e o resto do alumnado poderá participar en probas deportivas e xogos tradicionais para finalizar este curso dun xeito divertido e relaxado. As actividades rematarán ás 13:45 horas. O alumnado que faga uso do transporte escolar sairá en autobús as 14.00 horas.

### Devolución dos libros do FONDO SOLIDARIO DE LIBROS, libros prestados da biblioteca e chaves de taquilla

O día 22 o alumnado ten que devolver en correcto estado todos os libros de texto que lle foron prestados. Lembramos que a correcta devolución dos libros que lles foron prestados este ano é condición indispensable para poder participar no fondo solidario de libros do vindeiro curso. Tamén se devolverán as chaves da taquilla para ter dereito á devolución da fianza, e os libros que se colleran prestados na biblioteca.

### Comunicación de cualificacións e prazo do proceso de revisión

As sesións de avaliación terán lugar o día 22 pola tarde e 23 pola mañá e pola tarde. Familias e alumnado recibirán as cualificacións de xeito telemático por ABALAR a partir das 15 horas e das 23 horas do mércores 23. Entre ese momento e ata as 14 horas do día 25 poderá solicitarse revisión dos exames e aclaracións do profesorado.

### Reclamación ante a xefatura territorial

Se tras o proceso de revisión no centro aínda se está en desacordo coa cualificación pódese proceder a presentar reclamación oficial no prazo de dous días a partir da comunicación da resolución do centro.

### Entrega física de boletíns e Consellos orientadores ao alumnado de ESO

Farase o xoves 24 a partir das 12:30 horas (escalonadamente por cursos), por parte dos/as titores/as nas aulas de referencia. O alumnado que teña suspensa algunha materia para setembro pode solicitar levar o libro de texto desa materia que lle fora prestado a través de FONDO LIBROS para preparar as materias durante o verán (terá que ser devolto en setembro)

### Libros de texto para o curso 2021-2022

A listaxe de libros de texto publicárase proximamente na Web do centro.

O IES Xulián Magariños pasa a ser centro Edixgal, polo que en 1º de ESO alomenos 6 materias impartiranse de xeito dixital sen necesidade de adquirir libros de texto. En consecuencia, o alumnado de 1º non ten dereito a solicitar o fondo solidario de libros, pero sí axudas para material escolar. Arbitrarase un sistema de reparto propio dos libros de texto dispoñibles no centro de materias que non entran no proxecto EDIXGAL.

O resto dos niveles de ESO sí poden solicitar participar no FONDO LIBROS.

### **Formalización de matrícula para o curso 21-22 (ESO E BACHARELATO)**

Todo o alumnado que solicitou praza está admitido para o curso que ven, pero agora teñen que formalizar a matrícula. Para evitar aglomeracións e riscos de contaxio escalonárase o proceso de matrícula do alumnado que aprobou todo en xuño. Farase segundo un calendario que comenará o día 25 de xuño e que publicaremos proximamente na web do centro.

### **Matrícula en ciclos formativos de grao medio ou superior CM/CS**

O alumnado que queira empezar un ciclo formativo de GM ou GS ten que participar no proceso de admisión (ver [www.edu.xunta.gal/fp/informacion-xeral](http://www.edu.xunta.gal/fp/informacion-xeral) ). As datas de solicitude son **entre o 25 de xuño e o 5 de xullo** ata as 13:00 horas

O alumnado que repita en 1º curso dun ciclo formativo tamén ten que participar no proceso de admisión ciclos (marcar a casíña repetidor no mesmo centro a primeira vez)

O alumnado que vai continuar en 2º curso dun ciclo só ten que entregar cuberto o ANEXO I e o seguro escolar abonado, entre as datas do 25 de xuño e 5 de xullo.

### **Matrícula no Ciclo de Formación Profesional Básica**

Este alumnado procederá a formalizar a súa matrícula en setembro, tras as probas extraordinarias.

### **Probas extraordinarias de setembro**

Terán lugar entre os días 1 e 3 de setembro. O calendario de exames estará dispoñible na web do centro.

### **Información sobre Transporte Escolar**

O alumnado de ESO que cumpla as condicións de distancia é usuario lexítimo e só ten que cubrir a parada desexada na folla de matrícula.

O alumnado de Bacharelato e de Ciclos Formativos Medio e Superior non é usuario lexítimo do transporte escolar. Pasa a ser un usuario normal. Pode disfrutar de gratuidade no transporte público se ten menos de 21 anos e dispón de tarxeta XENTE NOVA. (información en [www.bus.gal](http://www.bus.gal))

### **ANPA (Asociación de Nais e Pais do Alumnado)**

Unha ANPA representativa e activa é un factor relevante na calidade educativa dun centro polo que animamos ás familias a asociarse e participar. Máis información en:

Teléfonos: 600 319 660/ 698 177 537

Correo: [anpaxulianmagarinos@gmail.com](mailto:anpaxulianmagarinos@gmail.com)

### **AGRADECIMENTOS**

Queremos agradecer de corazón ao alumnado e familias a súa colaboración e comportamento neste ano tan complicado e desexarlles un bo verán. Vémonos en setembro.